

O SLG demanda negociacións urxentes para resolver a grave crise do agro



O Sindicato Labrego Galego vén de realizar fortes mobilizacións nesta primavera sen obter unha resposta por parte das Administracións. Arestora, outros sectores están a ser vítimas destas mesmas

políticas gubernamentais, pensadas somentes para facilitar a obtención de beneficios económicos ás multinacionais. O Sindicato Labrego está a traballar no deseño de novas estratexias de mobilización, e queremos deixar

ben claro aos equipos de goberno nacional, estatal e europeo, que se a insostíbel situación actual non atopa inmediata solución, contarán con fortes mobilizacións dun sector máis: o agrogandeiro galego. **Páx. 5**

sindicato
labrego galego
comisións labregas



T Á B O A

Lupe Prado, responsábel do Sector Lácteo do SLG

“Nós estamos nun sector con dificultades e bastante manipulado, e o que nos queda é a loita. A loita xusta e limpa. A mobilización é un instrumento moi importante...” **Páx. 2**

A horta está en crise. Cómpre iniciar xa as negociacións

Con marxes comerciais que acadan o 300% nalgúns produtos, aos produtores e produtoras rebáixasenos cada vez máis o prezo que nos dan polos nosos produtos. **Pax.3**

As razóns polas que o SLG non asinou o contrato do leite

A “negociación individual” non é real, xa que a industria ten capacidade coactiva para impoñer o seu prezo granxa a granxa con ameazas de baixadas ou nonrecollida. **Pax.4**

A xira informativa “A soia mata” chega a Galiza co M.A.P.

A secretaria xeral do SLG, entrevistouse coa coordinadora do MAP, Gilda Roa, para intercambiar experiencias sobor da destrución operada polos agrocombustíbeis. **Páx. 13**

Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Vera-Cruz Montoto Vázquez
Colaboracións: Sandra
Varela, Carme Freire, Lidia
Senra, Manuel Docampo,
Isabel Vilalba, Xosé Pérez Rei
e Charo Sánchez Parga.

Deseño e maquetación:

Xosé García e Vera Montoto

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com

Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

R/ Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532

MELIDE - Praza do Convento nº2

ARZÚA - R/ Padre Pardo nº24, 1º D
Tlfno. 981 508 177

MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns

CARBALLO - Río Sil nº 52, Baixo. 981
703169

SANTA COMBA - R/ Lugo, nº9, entr. esq.
Tlf/Fax. 981 880909

ORDES - R/ Nova nº 38, 1º, 15680.

Tlf. 981 682908

PONTE CARREIRA - Bar O Taxista

BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,
1º. Tlf: 981 773377

TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º
esq / Tlfno. 981 789 781

SAN SADURNIÑO - Lugar de Outeiro s/n
981 490430

AS PONTES - R/ Balsa nº 28

O BARCO - Casa sindical

Tlf. 988 321511 / Fax: 988326723

CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.

Tlf: 630 970 131

O CARBALLIÑO, Casa sindical

Tlf: 630 970 131

VERÍN - Travesía de Sousas nº 20,
Galerías Maga Tlf. 988 590438; Fax 988
590439

RIBADAVIA - CIG Casa Sindical.

Tlf. 988 477230

Fax. 988477230

XINZO - Casa Sindical Tlf. 988 462547

TRIVES - CIG Casa Sindical

Teléfono 699 924 634

VIANA DO BOLO Antigo centro de saúde.

Tlfno. 629 621 047

LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.

Tlf. 982 231154

MONFORTE - Local da CIG en AISS. Tlf.

982 403005

SARRIA - Rúa Nova 60, entrechán.

982 533672

CHANTADA - Praza do Concello, baixos

AISS Tlf/Fax: 982 462103

A FONSA R/Fonte, nº3, baixo. Tlf.

982 350 080

ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria

RIBADEO - Av. de Galiza nº20, 3º. AISS

Tlf/Fax. 982 130615

LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf.

982 121376

VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.

Tlf. 982 512431

MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño

Entrechán E. Tlf/Fax: 986792268.

A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º

Tlf/Fax 986 573232

LALÍN - Arenal nº1, 1º andar. Tlf. 986 792

268

SILLEDA - Av. do Parque, 32

Centro comercial O Parque, oficina 12

986 580526

PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros, portal

1ºA, 1ºC. 986 641508

Martes a xoves, de 10.00 a 13.00

O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf.

Rosales. Tlf. 986 625 394

O SALNÉS

Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,

Ribadumia. Tlf. 986 711825

Lupe Prado Losada, Responsábel do Sector Lácteo do SLG

“Non é obrigatorio asinar”

Lupe Prado Losada é a responsábel do sector lácteo do Sindicato Labrego Galego dende o Congreso do leite que tivo lugar en Vilalba en marzo de 2007. Participou por parte do SLG na Mesa do Leite na que se presentou

o modelo de contrato homologado sen prezo. Resalta a importancia de mobilizármolos e rexeitar políticas deste tipo, que seguen a beneficiar as industrias pretendendo amarrar aos produtores e produtoras a calquera prezo.

■ Como ves a situación do sector lácteo neste momento?

Hoxe o sector ten moito desánimo. Hai un grande desacougo ao ver que o que compramos e necesitamos para manter unha explotación está duplicando o seu prezo e cada vez se está pagando menos polos nosos produtos. Cada vez se está valorando menos o noso traballo.

Ademais creo que hai toda unha serie de medidas políticas que o único que conseguen é confundir aos produtores e produtoras e, sobre todo, incrementar dun xeito tremendo o papeleo e a burocracia.

■ Que achegan os contratos homologados que se presentaron en Madrid e en Galiza?

Eu creo que se lle fai un bo favor á industria. Con baixos prezos, estes contratos poden servir para amarrarnos moito tempo.

De feito, as industrias asinaron todas, unhas en Madrid, no contrato estatal, e outras en Galiza. Como productora, penso que isto lles permite seguir facendo o que fixeron sempre: impoñernos os prezos.

■ Participaches na mesa do leite na que a Consellaría presentou o modelo de contrato homologado. Como foi esta experiencia?

A decepción foi total. Por parte do SLG, fun a persoa encargada de trasladar as propostas do sector, e chegas alí e constatas que ninguén as ten en conta.

Dirixinme directamente ao conselleiro, na súa calidade de mediador, para explicar a nosa preocupación polo incremento dos custos das explotacións.

Deuseme a entender que os beneficios só os pode ter a industria. Nada máis rematar a mesa de traballo, alguén se achegou a min e díxome que os gandeiros e as gandeiras non podíamos

participar nestas mesas, porque só tiñamos a visión da explotación e que para este tipo de negociacións había que ter en conta algo máis.

Penso que o que faltan precisamente son persoas que teñan o punto de vista das explotacións e o que sobran quizais sexan os que teñan outros intereses.

■ Que aspectos debería ter en conta o contrato homologado?

Non ten sentido asinar un contrato sen prezo mínimo cando sabes que a parte máis forte vai impoñer as súas condicións, manipulando ao sector.

Penso que as políticas seguen a estar definidas polos intereses das multinacionais, sen ter en conta a nosa achega social, económica, producindo alimentos, conservando o territorio coidado... como gandeiros e gandeiras.

■ O Sindicato Labrego Galego considera que se debe seguir traballando no tema do prezo. Neste momento, como podemos seguimos avanzando?

Non debemos asinar por debaixo dun prezo mínimo e sería moi importante pornos en contacto co Sindicato para denunciarmos se algunha empresa nos coacciona para asinar.

Preocúpame que a industria presione aos produtores e produtoras a nivel individual para que asinen contratos a prezos de miseria. Cómpre lembrar que non é obrigatorio asinar.

Penso que debemos seguir debatendo medidas de presión como a folga que fixeron en Alemaña, na que conseguiron que a industria aceptase 43 centimos de prezo mínimo, como pedían.

Na medida das nosas capacidades, haberíamos de pensar se este sería un bo momento para facer nós tamen unha folga de entregas, ou de cara á baixa da



Lupe Prado reside na parroquia vilalbese de Santaballa, onde posúe xunto co seu cónxuxe e outra parella unha S.A.T., que conta na actualidade con 217 animais entre vacas de leite e recría.

producción no verán, aproveitando que é unha época que non entra tanto leite de fora...

Temos que presionar para elevar os prezos. Para levar adiante estas reivindicacións, ás veces hai que perder algo. Con estas baixas continuadas perdemos moito máis, aínda que están disfrazadas para que non se note tanto.

Creo que perdemos bastante máis en Galiza mes a mes do que perderon os alemáns cos seus 9 días de folga.

■ Como valora que o SLG fose o único sindicato que non apoiase estes contratos sen un prezo?

Como afiliada e membro do Sindicato e que penso que unha vez máis esta organización pensa no sector, e transmite o que os gandeiros e gandeiras teñen posto enriba da mesa.

O sector tiña dito que non se asinase se non había uns prezos mínimos e así se fixo.

Unha persoa traballadora de calquera sector pode ver que este tipo de negociacións sería como asinar unha nómina onde non se recolle canto vai cobrar o traballador ou traballadora.

Nós estamos nun sector con dificultades e bastante manipulado, e o que nos queda é a loita. A loita xusta e limpa.

Nos medios de comunicación mesmo é difícil que saian as nosas posturas, denunciando que non hai avance e que se trata dunha medida que so pretende tranquilizar ao sector, e mesmo pode ser unha ferramenta máis a favor da industria. Séguese apoiando a quen ten o poder.

Malia que algunhas persoas pensen que ás veces nas mobilizacións non se consegue moito, trátase dun instrumento moi importante para poder chegar coa nosa problemática á sociedade, dado que por outros medios non hai posibilidade.

Esta publicación está cofinanciada pela



A horta está en crise

O SLG agarda que a Consellaría actúe con rapidez

As marxes comerciais impostas aos nosos produtos superan nalgúns casos o 300%

Os produtores e productoras de horta, están atravesando nestes momentos unha grave crise, como consecuencias do forte aumento dos custos de produción e o estancamento, cando non baixada, dos prezos que cobramos polos produtos. Este descenso da renda das explotacións está provocando que moitas persoas, estean atravesando situacións difíceis e, que en moitos casos se vexan obrigadas ao abandono da actividade. O sector da distribución e dos intermediarios cada vez acaparan máis cota de mercado e teñen todo o poder de marcar prezos e condicións de venda.

As marxes de comercialización (a diferenza entre o que pagan aos labregos e as labregas e a como venden aos consumidores e consumidoras) son un auténtico escándalo.

O prezo final sube, pero aos produtores e productoras cada vez págaselle menos polo seu produto.

Segundo datos aportados pola COAG a nivel de Estado, confírmase que un labrego ou labrega por unha leituga, só recibe o 30% do prezo final e que a diferenza entre o que percibe e a como se vende no mercado é dun 330%.

No caso das acelgas, percibe o 19% do prezo final e a diferenza é do 371%.

Por se esto fose pouco, axúdanse da entrada de produto de fora de Galiza, que se vende coma do país, para con-



A actual Dirección da Horta do SLG foi constituída en Betanzos o pasado vintecinco de febreiro do 2007.

tou esta situación ao Director Xeral de Produción, Industria e Calidade Agroalimentaria da Consellería do Medio Rural. Entre as medidas propostas solicitabamos a convocatoria dunha Mesa de prezos

O SLG solicitou á Consellaría do Medio Rural a realización dunha Mesa de prezos para o sector

querir prezos máis baixos.

As labregas e os labregos non temos, en ningún caso, a posibilidade repercutir nos prezos de venda os incrementos dos custos, polo que moi a miúdo danse situacións onde se nos obriga a vender por debaixo dos custos dos custos de produción

O SLG xa lle presen-

na que estiveramos presentes os Sindicatos e o sector dos compradores.

Entendemos que ademais de convocar a Mesa, a Consellaría debe de tomar outras medidas urxentemente para que poda seguir sendo viable adicarse á horta en Galiza e, para que nos comercios do país a cidadanía atope produto galego.

TÁBOA REIVINDICATIVA DO SECTOR DA HORTA

En canto ás medidas urxentes que deben ser postas en marcha pola Consellaría do Medio Rural, facemos as seguintes propostas:

■ Incrementar de xeito notable a persecución do fraude que supón vender produto foráneo coma produto do país.

■ Activar políticas de apoio e fomento da venda de alimentos locais, entre eles os produtos de horta.

■ Promover a negociación mediante a convocatoria inmediata da Mesa da Horta.

■ Actuar de intermediaria entre o sector produtor e a distribución na consecución de posibles acordos de prezo. O obxectivo será que os prezos en orixe cubran os custos de produción e remuneren o traballo das labregas e dos labregos.

■ Cambio radical do Contrato de Explotación Sustentábel, que contemple a realidade do sector hortícola, e que estas axudas servan para o fin que ten que ter que é compensar aos labregos e as labregas pola súa multifuncionalidade medio rural.

Editorial

As razóns polas que o Sindicato Labrego non asinou o contrato

O pasado 22 de maio, no seo da mesa do leite, asinouse o contrato homologado para o sector lácteo.

O Sindicato Labrego Galego non asinou dito contrato, xa que non incorporaba mecanismos de fixación de prezo mínimo, o que significa que se asina o contrato co prezo que “acorden” a industria e máis o produtor ou productora ou, máis ben, co prezo que *poña* a industria.

Este sindicato leva reivindicando un contrato para o leite dende o ano 1978, polo que é unha reivindicación histórica.

Non obstante, o contrato tamén debe server para garnatir prezo ao produtor/a e non soio para garantir subministro á industria

a baixo prezo.

Aparte diso, as nosas razóns para non asinar son tamén outras:

■ Un contrato sen prezo mínimo obriga a “negociar” o prezo de xeito individual, polo que bota ao traste outra vella reivindicación do sector que é a **negociación colectiva dos prezos**.

■ A “**negociación individual**” non é real, xa que a industria ten capacidade coactiva para impoñer o seu prezo granxa a granxa: ameazas de non recollida, ameazas de prezos máis baixos para quen non asine..., etc. Co cal ao remate aparece un prezo totalmente imposto pola industria ás explotacións unha por unha.

■ Ademais, este contrato senta o precedente de homologar contratos

sen prezo para outros sectores agrarios que si teñen contratos con prezo, co cal pode ser un **retroceso importante no proceso de elaboración dos prezos agrarios**.

■ Aparte de todo isto, está a razón de que non resolve o principal problema do sector lácteo, que agora mesmo é o feito de ter **un prezo moi baixo**, despois de tres ou catro meses con prezos en abultado descenso, e cuns custos nos insumos altísimos e con tendencia a seguir subindo.

O SLG asinará este contrato no momento en que sirva para garantir prezos que cubran custos de produción e traballo, fixando un prezo mínimo e traendo ao sector seguridade e transparencia no mercado.

Leite: negociación de prezos xa

Mobilízate: non asines contratos a menos de 0,42€

Nos últimos meses a situación do sector lácteo mudou radicalmente debido a dous factores: por un lado un forte incremento dos custos de produción; pensos, fertilizantes, gasóleo, seguridade social..., e por outro lado un forte descenso dos prezos pagados pola industria.

Estes dous condicionantes colocaron ó sector produtor nunha difícil situación económica que soio ten unha saída posíbel: a consecución dun prezo xusto, que permita a viabilidade das explotacións. Iso significa: que cubre o traballo e os custos de produción; isto é o que o SLG considera prezo mínimo.

As labregas e labregos mantiveron mobilizacións diversas nos meses da primavera, convocadas polos tres sindicatos.

Pero o certo é que temos que recoñecer que non conseguimos os obxectivos marcados, ese prezo mínimo para o leite.

A falsa saída que dende a Administración galega e estatal se lle buscou á crise, que foi a posta en escea do contrato homologado para o leite, puxo na mesa de debate a posibilidade de que este prezo mínimo se poida establecer legalmente, aducindo que contradí a lexislación en materia de competencia.

Diante desta afirmación hai preguntas que xurden

inmediatamente: non é tamén ilegal vender a prezos inferiores aos custos de produción?, non debería velar a Administración para que isto non pasara?

Outra pregunta, sendo ilegal tamén a práctica da usura, sería: non debería haber unha lexislación que impedira que uns (os máis poderosos) se leven as grandes marxes comerciais, mentres outros temos que vender a perdas ou con moi curta rentabilidade?

Unha cousa está clara, se o mercado non ten ningunha regulación, a regulación impona quen ten máis poder económico: a gran distribución e a gran industria, e á parte máis numerosa do ciclo, a produción e o consumo, non nos queda máis remedio que achantar coas súas imposicións.

Cómpre, polo tanto, un cambio radical na lexislación da regulación dos mercados.

Asambleas comarcais

O SLG está a facer nestes momentos asambleas en todas as comarcas, aínda sendo conscientes que estamos na peor época do ano, pero pensamos que son imprescindíbeis para debater e deixar claras algunhas cousas:

A primeira é impedir que a industria utilice os contratos para consolidar no tempo os baixos prezos actuais; que a xente non asine o contrato se o prezo non é

suficiente.

A segunda, debater esa necesidade de que se regulen as marxes comerciais e se establezan mecanismos que distribúan os beneficios en todas as partes do ciclo productivo: produción, transformación e distribución; de xeito claro e transparente, para que todo o mundo poda vivir da súa actividade de xeito digno.

Pero como esta parte dinos que non é posíbel pola súa ilegalidade, temos que forzar cambios legislativos que nos permitan que sexa posíbel chegar a ter un prezo mínimo decente, e que garanta que as explotacións se consoliden definitivamente como unha actividade rentábel.

Para chegar a iso non nos vai quedar máis remedio que volver a recorrer á mobilización, e temos que ir definindo que tipo de mobilización, tamén vendo que as desta primavera non deron resultados óptimos.

En moitas asambleas fálase maioritariamente que a única posibilidade é a folga de entregas.

Aínda que, como sempre, mete certo medo, se non hai outras posibilidades teremos que ir mirando como e cando a facemos, xa que o tempo apremia.

Os produtores e produtoras de Alemaña e arredores xa a están a facer, e parece que empeza a dar algún froito.



A primeira das mobilizacións, perante da central leiteira PULEVA en Nabela (Lugo) o seis de marzal.



No interior das instalacións da central CELTA, en Pontevedra (Lugo) o trece de marzal.



Concentración perante da Subdelegación do Goberno en Lugo o dezasete de abril.



Concentración perante Medio Rural en Ourense o vintecinc de abril.



Milleiros de gandeiras e gandeiros na manifestación do trinta de abril en Santiago de Compostela.

O BDM da por finalizada a folga de entregas tras acadar importantes melloras na situación do sector lácteo alemán

A Unión Federal de Productores/as Lácteos de Alemaña (BDM) deu por finalizada o día dez de xuño a folga de entregas iniciada o pasado vinteseite de maio.

Como resultado desta folga de nove días, os/as produtores/as acadaron unha suba no prezo de venda ao público do leite de 0,10€, e da mantequilla de 250gramos de 0,20€.

Esta suba producirase sen aumento das súas marxes comerciais, pagándolle maiores cantidades aos provedores/as.

As industrias xa amosaron con claridade a súa disposición a pagar máis polo leite que se lle suministra, así que son agora elas as que teñen que "mover ficha", trasladando e facendo coparticipes dos beneficios deste novo escenario aos produtores e produtoras.

A complexidade do entramado de decisións e votacións por parte das industrias lácteas, esixe agora unha marxe de tempo para que se concreten documentos de carácter contractual para o sector.

A suba dos custes de produción afecta duramente ao sector cunícola

O prezo actual do coello na Lonxa de Bellpuig caeu até o valor de mercado de 1995

O sector cunícola acaba de pasar o peor ano da súa historia e segue sen recuperarse. A suba do penso en 70€ por tonelada vén de provocar un incremento nos custes de produción de 0,30 por kilo de carne en vivo, supoñendo un encarecemento dos gastos correspondentes á

alimentación superior ao 35%. A esta suba temos que engadir a actual situación do mercado, por mor do descenso das exportacións de carne de coello a países coma Francia ou Italia. Tamén o desacoplamento entre a oferta e a demanda, que vén de provocar que o coello se coticie a 1,50€/kg.

A carne de coello é baixa en colesterol e rica en minerais. Posúe un alto contido de vitaminas do grupo B, sendo ademais carne de moi fácil dixestión, baixa en coláxeno e graxa.



Froito desta situación, no pasado ano a problemática no sector desembocou en protestas como a levada a cabo en Madrid, na que participaron produtores e produtoras de coellos de Galiza na procura de solucións a esta situación.

Neste marco de mobilizacións mesmo se chegou a asinar un preacordo no daquela Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para tratar de paliar as perdas económicas derivadas deste desaxuste entre prezo final e custos de produción. Pero non chegou a pasar de preacordo.

No tocante ás accións administrativas levadas a cabo no País, a Consellería do Medio Rural habilitou unhas axudas de *mínimis*.

Asemade, tamén se puxeron en marcha compensacións sanitarias pola vía das AD SG, pero todos/as sabemos que estas medidas son escasas para

as perdas coas que se atopan as explotacións.

Fixéronse tamén campañas de fomento do consumo, mais o resultado, que en outros casos podería ser un impulso importante, tivo unha repercusión mínima na situación do sector.

A día de hoxe, aínda que a situación semelle máis suave, seguimos nunha tónica parecida.

A finais do ano 2007 os custos de produción estaban arredor dos 2 €, pero o máximo que chegou a valer o quilo de coello foron 1,84 €, e na actualidade anda polos 1,70€.

Así as cousas, as explotacións de coello seguen a acumular perdas, sendo vítimas, ao igual que tódolos sectores gandeiros, da especulación e dun incremento esaxerado dos custos de produción e dun mal reparto de beneficios no mercado, xa que non estamos a falar dunha carne barata: o prezo ao consumo anda entre os 6 e os

7 euros.

Estamos, pois, diante doutra vítima dos mercados desregulados que fomenta o liberalismo e que supoñen que os axentes do mercado que teñen maior poder económico impoñan a súa lei e o reparto de beneficios ao seu estilo.

É dicir, perdas para unhos/as, os/as máis febles, que somos o sector produtor, e beneficios para outros/as, os/as máis fortes, e que non son outros que os fomentadores dos mercados sen regular que tanto gustan ao liberalismo económico.

Dende o SLG consideramos que este debe ser o noso traballo de cara ao futuro: romper esta falacia dos mercados que condena aos produtores e produtoras a vender a perdas, para que as grandes transnacionais da alimentación enchan as súas arcas e dominen o mundo á conta de controlar o mercado dos alimentos.

En cifras

■ O prezo medio do ano pasado foi de 1,38 €/quilo, calculado por prezos da lonxa, que sempre marcan os máximos.

■ Os custos de produción medios situáronse arredor de 1,60 €/quilo, o que supuxo para o sector unha perda de, como mínimo, 0,28 €/quilo.

■ Os custes de produción no Estado español subiron nun 30% debido á suba dos pensos.

■ A produción cunícola estatal acumulou perdas superiores aos 60 millóns de euros durante o ano 2007.

■ En cifras absolutas podemos decir que unha granxa de coellos perdeu no ano 2007 ao pé de 40.000 Euros, o que para unha economía familiar representa unha difícil situación.

■ No Estado español hai 100 matadoiros especializados no sector cunícola.

■ Segundo datos do 2007, existen 5.195 explotacións cunícolas no Estado. A maioría concéntrase en Catalunya (2.176), seguida de lonxe pelas Illes Balears (431), Aragón (425) e Galiza (378).

■ Un 7,3% das explotacións galegas pertencen ao sector cunícola.

■ Nas explotacións cunícolas galegas atopamos unha media de entre 400 e 700 nais.

■ O fomento do consumo da carne de coello é a solución apuntada pelas cooperativas e institucións.



Identificación animal:
esiximos que se habilite
aos veterinarios
e veterinarias para
realizar as compulsas

A medida que pasa o tempo, os gandeiros e gandeiras vemos como pouco a pouco os servizos que temos son de peor calidade.

Até o de agora, os/as veterinarios/as identificadores do gando, unha vez que estaban na explotación, aparte de colocar os crotáis, deixaban a documentación compulsada e dadas as baixas que houbera no período recente.

Nos últimos tempos, néganse a dar as baixas nalgúns casos, e, en todos, a compulsar a documentación.

Este cambio de proceder obriga a que agora o/a titular da explotación teña que facer un desprazamento até a oficina comarcal para dispoñer da documentación compulsada e en regra.

Parece ser que a negativa a realizar as compulsas é debida a unha falta de habilitación. Dende o SLG, pedimos que se realice xa esta habilitación, xa que o caso contrario supón para os e as titulares das explotacións unha perda de tempo totalmente innecesaria.

Esto é unha consecuencia máis da burocratización e privatización de servizos do agro.

Asemade, ao respecto dos crotáis, comentar tamén que dende o pasado un de xuño estanse a realiza-las probas dos novos modelos de crotáis que xa fai meses anunciara Medio Rural.

Os que vimos empregando até o de agora perdíanse facilmente e acababan supoñendo sancións por non identificación.

Ao longo deste período de proba, as vacas haberán de levar tres marcas distintas á vez.



Margarida Prieto -a primeira na parte superior, marxe esquerda-, Coordinadora Comarcal do SLG n'A Terra Chá, asistiu o pasado trece de maio ao debate da Lei da Minaría de Galiza. Na pantalla, a intervención de Fernando Blanco Pargal do BNG, grupo que presentou, canda o PSOE, unha enmenda no sentido de seguir considerando como prohibida a extracción en chan rústico agropecuario, na contra da opción presentada pela Consellaría de Industria inicialmente.

Aceptada a principal alegación do SLG á Lei da Minaría

O SLG valora positivamente que por parte do Parlamento se tivesen en conta alegacións importantes efectuadas ao Anteproxecto da Lei de Minaría de Galiza, presentadas o 19 de xullo do 2007.

Devanditas enmendas facían alusión á figuración no Anteproxecto dunha modificación da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do

Medio Rural, no sentido de pasar de prohibido a permitido, con licencia municipal, as actividades extractivas e mineiras en chan rústico de protección agropecuaria.

O Sindicato Labrego fixo público o seu rexeitamento frontal a esta permisividade lexislativa que antepoñía os intereses económicos das empresas mineiras aos das nosas explotacións.

Ademáis, no mes de outubro do ano pasado, o SLG e ADEGA organizaron un seminario en Vilalba para debater a Lei de Minaría e cuíñas conclusións foron entregadas ós grupos parlamentarios.

O debate da Lei asistíu Margarida Prieto en representación do Sindicato Labrego Galego, quen valorou positivamente que se mantivese a prohibición da actividade extrac-

tiva en solo rústico agropecuario (SRPA).

Nembergantes, inda existen arestora conflitos por mor da colisión entre a actividade agropecuaria e a mineira. É o caso das tres concesións para a extracción de cuarzo que afectan a máis de 5.000 ha na Terra Chá que, inda que recorridas, están en vigor e supoñen unha ameaza para a actividade agrogandeira da comarca.

O SLG esixe actuar dende Galiza no reparto das axudas do OCM do viño

O responsábel do sector vitivinícola do SLG, Manuel Docampo, mantivo unha reunión co senador do BNG, Xosé Manuel Pérez Bouza, co gallo de analizar a situación de Galiza ante a reforma da OCM do Viño 2009-2013, recentemente aprobada en Bruxelas.

Ámbolos dous representantes mostráronse dacordo en que o reparto das axudas da OCM do Viño, cuxos criterios debe establecer o Ministerio de Medio Rural, Medio Ambiente e Medio Mariño antes do mes de xullo, "debe permitir que cada Comunidade Autó-

noma estableza os seus propios criterios de reparto porque a realidade do sector do viño é moi diferente en Galiza que en Castela A Mancha".

Galiza foi a grande perjudicada no anterior reparto, esta situación non pode volver a repetirse.

No anterior reparto da OCM do Viño Galiza só recibiu 1% dos 3.200 millóns de euros que recibiu o Estado Español, a pesar de que contamos co 32% das explotacións vitivinícolas do Estado e de que xeramos o 10% do emprego.

É importante que Galiza

participe no debate cunha posición forte de defensa dos viños de calidade e das Denominacións de Orixe.

A este respecto, Xosé Manuel Pérez Bouza manifestou "a coincidencia do BNG case que ao 100% coa postura do SLG, e cos posicionamentos que defende todo o sector vitícola galego".

Pola súa parte, Manuel Docampo reiterou a importancia de que a Xunta de Galiza sexa quen estableza os criterios de reparto das axudas da OCM do Viño "porque a nosa problemática non ten nada que ver con

Castela A Mancha: a Galiza non lle interesan as axudas ao arranque ou á destilación, a nós interésannos axudas á reestruturación de viñedos ou á comercialización porque producimos menos do que as adegas galegas teñen capacidade de transformar e vender no mercado".

O senador do BNG comprometeuse a trasladar ao Senado as demandas do Sindicato Labrego Galego neste debate, así como a intentar modificar o Real Decreto de Potencial Vitivinícola que está a elaborar o Ministerio.

Labregas e labregos, what's your opinion?

Quen controla as sementes controla a soberanía alimentar

Imaxinemos que queremos regular na Galiza o comercio de sementes e procuramos contar coa opinión de labregas e labregos. Imaxinemos agora que esta consulta vaise realizar só

por internet e en inglés "técnico". Este mecanismo é o que está a poñer en marcha unha empresa privada contratada pola Comisión Europea para que, a partires destas consultas, se le-

ven a cabo propostas de modificación dos regulamentos comunitarios sobor da comercialización de sementes. Un cuestionario informático e, ademais, en inglés de carácter técnico.

Folga dicilo: a maioría das labregas e labregos europeos nin saben inglés nin teñen acceso á interrede.

Nembergantes, as empresas multinacionais, que se están apoderando da alimentación, teñen o inglés como lingua propia e empregan como canle a interrede nun 80% das súas comunicacións.

A Comisión Europea é coñecedora desta situación, así que coa elección do idioma e a canle veñen de facer unha restricción tal que ben se poden permitir facer unha consulta "aberta", home claro...

A Coordinadora Labrega Europea (CPE), da que o Sindicato Labrego Galego forma parte, e Coordinadora de Orga-

nizacións de Agricultores/as e Gandeiros/as (COAG), coa que o SLG colabora, veñen de enviar unha carta á Comisión Europea ao respecto desta consulta "aberta" -para xente que fala correctamente inglés e que conta con internet- que a Comisión Europea está a poñer en marcha, para, deste xeito, xustificar que ten feito consultas para poñer en marcha a lexislación chamada "Mellor Regulación", ou dito en inglés: *Better Regulation*.

O Sindicato Labrego Galego comparte totalmente esta acción coa que a CPE e a COAG denuncian a falta de democracia deste proceso consultivo, chamando ademais a atención sobor da imposibilidade de partici-

pación por parte d@s pequen@s produtores/as dos países de Europa Central e Oriental, recentemente incorporados á UE, onde aínda existe unha grande diversidade de especies vexetais.

Dereitos labregos

Até o de agora, a lexislación europea sobor da comercialización de sementes orientouse cara o establecemento do monopolio dun número moi reducido de industrias de sementes sobre a biodiversidade cultivada en Europa, garantíndolles elevadas rendas e competitividade internacional a estas grandes empresas.

O Sindicato Labrego Galego considera que os

obxectivos da lexislación europea haberían de ser a promoción da biodiversidade cultivada e o respecto aos dereitos das labregas e labregos, tal e como se recolle no Tratado Internacional sobor dos Recursos Fitoxénicos para a Alimentación e a Agricultura (TIRPAA).

É dicir: "o dereito a conservar, empregar, intercambiar e vende-las sementes producidas na explotación" e o dereito das labregas e labregos a participar nas decisións sobor das cuestións vencelladas á conservación da biodiversidade".

COAG e CPE

As reivindicación expresadas pola COAG e CPE

compílanse nos seguintes puntos:

Recoñecemento e respeito do dereito de labregas/os a conservar, intercambiar e vende-las sementes producidas nas súas explotacións.

Participación labrega nas decisións europeas e nacionais relativas á conservación da biodiversidade cultivada.

O establecemento de catálogos para as variedades "de conservación" aberto de balde a tódalas variedades e adaptado ás necesidades das agriculturas labregas de escasos insumos

Establecemento dunha moratoria sobor da comercialización e cultivo de sementes de variedades xenéticamente modificadas.

Únete á Mutua Lider

en Experiencia,
en Crecemento,
en Cobertura...



Unha tempada máis,
en AGROMUTUA renovámolo
noso Compromiso cos asegurados
e aseguradas. **EXPERIENCIA,
CRECIMENTO E COBERTURA**
son os grandes valores dunha Mutua
Líder para garanti-la túa renda,
o teu patrimonio e o Futuro do Campo.



Campaña
de contratación
2008

agromutua@agromutua.es
www.agromutua.es

AGROMUTUA

O noso Seguro do Campo

SEDE SOCIAL

R/ Pérez Pujol, 5-1º
46002 Valencia
Tel.: 963 530 342
Fax: 963 531 196

OFICINA MURCIA

R/ Matadero Viejo, 6
Edif. Segura 1º D
30002 Murcia
Tel.: 968 901 410
Fax: 968 901 510

A UE semella dar un xiro ás súas políticas enerxéticas a través da modificación da PAC

Non máis apoio aos agrocombustíbeis

A proposta de modificación da PAC realizada pela Comisión Europea soamente ten de positiva a suspensión do apoio á produción de agrocarburos. A produción, transporte e

transformación de agrocombustíbeis en Europa conleva unha contaminación maior que a producida pelo propio emprego dos combustíbeis fósiles. Os agrocombustíbeis están a

competir cos alimentos destinados a persoas e animais, unha boca máis a alimentar que, arestora, está a comer entre un 20% e un 50% das colleitas mundiais de millo e colza.



A UE persiste no obxectivo de adicar á produción de agrocombustíbeis o 10% da produción ceraleira (EEUU pide un 15%).

Así as cousas, a forte demanda de cereais para a

vías de desenvolvemento, onde teñen que adicar unha porcentaxe media do 75%, esta situación convertiuse nas chamadas “revoltas da fame”: Exipto, Marrocos, Senegal, Costa

coches dos ricos xanten o pan dos pobres.

Nestes meses estamos presenciando numerosas reunións gubernamentais.

O motivo, alomenos de cara a opinión pública, está

ALC-UE

Este é o caso da reunión de xefes/as de Estado e de Goberno de América Latina e Caribe (ALC-UE) cos da Unión Europea, que tivo lugar en Perú a mediados do mes de maio.

O obxectivo: profundizar no deseño e implantación de medidas orientadas á liberalización do comercio de alimentos e privatización dos servizos públicos, accións que redundan tanto no empobrecemento d@s produtores/as do país de orixe, coma d@s labregos e labregas na Galiza, xa que estes acordos procuran incrementar as exportacións.

Un dos sectores en grande risco con estes acordos é o cárnico galego, xa que están involucrados na negociación zonas coma Arxentina ou Brasil, nas que se produce con grande *dumping* social, arruinando aos labregos e labregas familiares para conseguir materias primas a baixo custo.

A cidadanía en xeral é a grande perxudicada neste intercambio de produtos auspiciado pola baixada dos aranceis propugnada por este tipo de acordos.

Aos produtores/as en orixe págaselles pouco, e ás e ós consumidores o produto véndeselles caro, e cada vez de peor calidade.

En conxunto, o encarecemento medio dos cereais dende fai un ano ronda o

70%. O trigo acadou un incremento do 150%.

Nembergantes, a produción de cereais multiplicouse por tres dende os anos '60 e a poboación tan só se multiplicou por dous.

Mais malia a producirmos máis comida da necesaria para alimentar á poboación mundial, unha dramática crise de fame asolaga aos países en vías de desenvolvemento

A Vía Campesina, o SLG e outras organizacións sociais, consideran que a única alternativa é loitar pola soberanía alimentar dos pobos, opción que, perante da catástrofe humanitaria que temos ás portas, está mesmo a ser suxerida, veladamente, por organismos gubernamentais.

O cumio de Lima desenvolveuse no medio de actos de protesta convocados por múltiples organizacións civís como A Vía Campesina, á que pertence o Sindicato Labrego Galego.



Corenta e oito millóns de persoas pasan fame en América Latina e Caribe, malia viviren en zonas que son punteiras na exportación de alimentos para o “primeiro mundo”



produción destes carburantes é un dos factores que provocan o que se dá en chamar “encarecemento da cesta da compra”.

En países como Galiza, onde adicamos á alimentación aproximadamente un 15% dos ingresos mensuais, esta situación supón un grave desaxuste das economías familiares. Agora ben, en países en

de Marfil, Camerún, Burkina Faso, Pakistán, Indonésia, Filipinas, ...

“Os agrocarburos son un atentado contra a humanidade.” Mesmo declarouno a FAO -a organización das Nacións Unidas para a Agricultura e Alimentación-, mágoa que as institucións europeas tardaran tanto en decatarse de que é antihumano que os

a se-lo tratamento da actual crise alimentaria, así como analiza-la tendencia especulativa que se está a dar cos alimentos, nomeadamente cos cereais.

Sen embargo, e como nos teñen afeitos/as, o resultado destes encontros adoita ser de dous tipos: ou nada, ou o establecemento de acordos comerciais.


Volta o emprego da madeira como material de construción

Máis lixeira có formigón, máis versátil, cómoda e cun menor custo enerxético e económico

Existe unha forte mitoloxía que contribuíu a desprestixiar á madeira para edificar, moita dela asentada no fomento do formigón como material definitivo para a construción: unha pre-

sunta menor durabilidade, menor resistencia a esforzos, menor capacidade de salvar vaos... Sen embargo, nalgúns estados da Europa húmida até as vivendas se edifican en madeira.

Existen, exemplos de construción civil onde observar como a madeira se empregou e segue a empregarse de xeito masivo. A tendencia semella ser a volta da madeira ás construcións.



A madeira é un material lixeiro, doado de mecanizar, de traballar con el, e moito máis sustentábel desde un punto de vista do impacto no medio natural. Ten un peso específico de oito a dez veces menor ca o formigón, permitindo aforrar en ancoraxes e elementos de unión.

A casa primixenia galega, unha construción que non distaría moito da palloza que aínda se mantén nalgúns poboados da faixa oriental galega, posuía un muro baixo de pedra coa maior parte da superficie ao exterior ocupada co colmado que a cobría da intemperie. O colmado repousaba sobre un enxeñoso sistema de trabes que formaban un cono arredor dun poste central (cangallo).

Posteriormente, e dada a evolución nas técnicas construtivas, a madeira empregouse para multitude de requerimentos estruturais. Ben podía artellar o esqueleto dun teito, formar parte de cargadeiros e pisos, así como dar a base para peches interiores e exteriores: portas e xanelas.

A parte das innúmeras tarefas agrarias para as que servía, for como hucha, arca, mango, forca, zoca, tear e outros, a madeira logrou axeitarse ás esixencias que algún dos mestres canteiros lle requirían co avance das técnicas construtivas.

Co decurso do tempo, mellora tanto do coñece-

mento do material como das técnicas para o seu tratamento, logrando coa madeira salvar problemas construtivos que outros materiais como a pedra non lograrían por si mesmos. Por unha parte, a pedra de gra non estaba ao alcance da mao en calquera zona do País.

Por outra, unha viga de pedra de gra non é uniforme, e resiste mal unha carga cando salva certa distancia en vao. Isto acarrexaba problemas importantes cando se trata de construír con espazos abertos por baixo.

No outro extremo, atopámonos con que traballar a madeira é doado, posúe menor densidade, dureza e peso propio, mentres que facer unha talla na pedra conleva un gasto de material e entremento maior. Os cuartos interiores nas vivendas, os sobrados ou as armazóns dos tellados son un claro exemplo de como a madeira representou unha peza esencial tanto no desenvolvemento da edificación como na mellora agraria en sentido amplo.

Desde o máis simple pórno ata as máis complexa

estrutura dunha vivenda, a madeira, de sempre considerouse un alicerce básico para as estruturas agrarias. Así e todo, a chegada do formigón e o aceiro, aparelada a un certo desprestixio daquela técnica tradicional que si funcionaba, con certa rapidez fai desaparecer a madeira das estruturas do rural. Pese a isto, o uso da madeira non foi abandonado totalmente. A miúdo atopamos naves e alpendres con pilares de formigón e paredes de tixolo ou bloque onde o sustento para o teito aparece ensamblado con pezas de diferentes tamaños e formas de madeira.

Aínda así, unha boa parte do prestixio e o coñecemento da técnica constitúiva mermou coa chegada de novos materiais: erguer un pilar de formigón esixe menos pericia e un menor tempo de execución ca un muro de pedra. A presenza de novos materiais na cubrición como o fibrocemento, o polietileno ou a placa galvanizada, reduciron o peso co que se carga ás vigas e polo tanto os requerimentos en calidade e durabilidade redúcense linealmente.

Na Galiza, temos madeira

Antano, na Galiza dispúñase de superficie onde escoller concienzudamente as árbores para que desentrasen en condicións óptimas para edificar unha casa, un hórreo ou un alpendre. Hoxe, dispoñemos das técnicas precisas para traballar, e da superficie suficiente para dispor desta e mesmo de mellor madeira. E temos necesidade de empregala.

Pensem nunha nave de formigón, avaliemos o custo enerxético e tamén o custo económico que supón executala. Avaliemos a dispoñibilidade dos materiais e a formación e preparación necesarias para levala a cabo. Pensem, a continuación, que dispomos da madeira, un material doadamente acadábel no inmediato (moitas explotacións agrarias no País dispoñen de superficies de monte), con facilidade para traballalo, e axilmente executábel.

Demandemos a continuación de quen realiza as obras a capacidade para manexar a madeira e decatámonos de que estamos diante dunha obra barata, fiábel e mesmo cun resultado final esteticamente aceptábel.

O proceso de laminado

da madeira mesmo permite a fabricación de pezas con rixidez e resistencia axeitadas para salvar grandes distancias do mesmo xeito que acontece co aceiro.

O emprego de pezas feitas a medida e a versatilidade do material, facilita a montaxe e mesmo o arranxo.

A madeira ten un peso específico de oito a dez veces menor ca o formigón e, polo tanto, as estruturas posúen un peso propio inferior, que redonda no aforro en ancoraxes e en elementos de unión.

A madeira representa hoxe en día unha aposta definitiva de cara ao futuro, tanto na construción agroforestal como naquela vencellada ás solucións habitacionais e ao patrimonio natural.

Cun axeitado emprego e coa racionalización no seu aproveitamento resultaría moito máis barato, cómodo e sustentábel construír, e disporíase do material perto, sen necesidade de incorporar tanta cantidade de ferro, cemento e formigón co conseguinte aforro nos custos directos e a redución das dependencias económicas das explotacións agrarias do País.



A madeira representou unha peza esencial tanto no desenvolvemento da edificación galega como na mellora agraria.

**o leite é noso
poñámoslle o prezo**

0,42 €/L
prezo base

**non asines contratos
por menos**



**sindicato
labrego galego**
comisións labregas


Coida a túa casa, Coida o teu país

A Consellería de Vivenda e Solo concede axudas para o remate exterior de vivendas unifamiliares no rural.

Subvención de ata 6.000€ para rematar a túa casa,
se contas con licencia municipal.

Podes solicitala ata o 16 de Xuño

Galiza é o noso patrimonio.
Ti podes contribuír a melloralo.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Infórmate no teléfono 902 100 054
Ou en www.conselleriavivenda.xunta.es

Mulleres liderando a loita pola Soberanía Alimentar: Gilda Roa, dirixente do movemento campesiño MAP

Os agrocombustíbeis ameazan en orixe e destino: A soia mata

Acompañada dunha investigadora do Observatorio das Corporacións Europeas (CEO) e da coordinadora da rede europea ASEED (Acción pela Solidariedade, a Igualdade, o Medio e a

Diversidade Europea), a dirixente do movemento labrego paraguaio MAP vén de recuncar na Galiza coa a xira europea da campaña informativa internacional "A soia mata". Barcelona,

Suíza, Bélxica e Alemaña, onde vén de participar no evento europeo Planeta Diverso, foron os anteriores paradas antes de voltar á acción directa contra a soia no Paraguai.



A secretaria xeral do SLG, Carme Freire, entrevistouse coa coordinadora do MAP, Gilda Roa, para intercambiar experiencias sobor da destrución operada pelos agrocombustíbeis nos lugares de orixe (como Paraguai) e de destino (como Galiza).

Os agrocarbures foron un dos principais temas a tratar pelos/as xefes/as de Estado no decepcionante cumio da FAO realizado a principios deste xuño en Roma, co suposto fin de atalla-la crise de fame que asolaga aos países emerxentes.

O cultivo de cereais para a produción de agrocombustíbeis vén de precipitar en poucos anos o emprego masivo e irracional das terras de produción agrícola para a obtención de materia prima para a elaboración de carburantes.

Sudamérica, África, Indonesia, Malasia... Son algunhas das áreas mundiais elixidas polas multinacionais e gobernos occidentais para seren empregadas como xigantescas leiras ao servizo da produción de agrocarbures e alimentación animal para o consumo do "primeiro mundo".

A dirixente paraguaia Gilda Roa chegou á Galiza da man da Iniciativa pola

Soberanía Alimentar, plataforma a prol da autosuficiencia alimentar da que forma parte o SLG.

Os efectos que nós percibimos eiquí coma un aumento no custe da cesta da compra é vivido, en países ubicados nos primeiros eslabóns da cadea da privatización alimentar, como expulsións das terras, migracións, represións violentas e intoxicación da poboación labrega por mor das fumigacións masivas.

Gilda Roa mostrou o caso da filla dunha muller exposta ás fumigacións. Dende o nacemento, un enorme tumor vaille comendo a cara.

Tamén deu a coñecer o caso de Silvino Talavera, un cativo paraguaio de dez anos que morreu tras verse exposto ás fumigacións en dúas ocasións.

Como revelaba a labrega paraguaia, estas fumigacións aéreas lévanse a cabo sen ningún tipo de valoración da dirección do ven-

to nin precaucións cara a saúde das poboacións próximas.

No Paraguai, as terras labregas pertencen a medias aos labregos/as e ao Estado.

As multinacionais, conscientes das necesidades da poboación, mercan as terras a baixo prezo para seren adicadas a inmensos latifundios de monocultivos intensivos, maioritariamente soia, base para os agrocarbures.

Na actualidade, o 70% das terras paraguaias están no poder do 1% da poboación.

O MAP basea a súa loita de recuperación de terras no feito de que, segundo a Reforma Agraria de Paraguai, só o Estado e os/as labregos/as son os/as verdadeiros/as titulares destas terras, os/as suxeitos da Reforma, e, segundo a lei, sómentes eles/as poden ocupar a figura de propietarios/as

■ www.soberaniaalimentar.info
■ gildamap@yahoo.es

O Movemento Agrario e Popular do Paraguai M.A.P.



O libro que ocupa a posición central do escudo representa a formación política e ideolóxica, o sol a conciencia, as mans estreitadas a unidade, o mapa a soberanía territorial, a cor verde: a esperanza; a branca: paz e a vermella: XUSTIZA.

O MAP é unha organización gremial, autónoma, sen ánimo de lucro e de carácter popular, organizada e dirixida por labregas e labregos *senterra* que loitan para rescata-la identidade e o territorio labrego.

Iniciou o seu proceso de constitución no 2002, presentando perante do congreso paraguaio a campaña de denuncia da venda masiva de extensións de terreo, a destrución do medio e a desaparición das comunidades indíxenas por mor da expansión do cultivo da soia.

Como estratexia para frea-la entrada das multinacionais na procura de terreo para a plantación da soia (que arestora ocupa o 63% da área agrícola do Paraguai), iniciáronse en maio do 2003 os campamentos de campesiños/as *senterras* en cinco comunidades.

No 2004 o MAP forma parte do *Frente Nacional de Lucha por la Soberanía y la Vida*.

Neste período as comunidades resisten e deféndense bloqueando as fumigacións. A comunidade de *Toro Kangue* sufriu tres desa-

loxos. Nun deles as forzas policiais detiveron a sesenta e tres persoas.

Enmarcado dentro da violenta represión á que se somete ao MAP, o vintecatro de xuño do 2005 os campesiños Ángel Cristaldo e Leoncio Torres son acribillados a tiros polo *sojero* Opperman.

Entre o 2006 e o 2007 o MAP consolida un amplo traballo de contactos con organizacións internacionais participando en diversos encontros.

Na actualidade, tres xóvenes están becados no Estado español para realizarlos estudos universitarios de Dereito, Socioloxía e Ecoloxía Humana, co obxectivo de que no futuro o MAP conte con dirixentes profesionais.

Os obxectivos do *Movimiento Agrario y Popular* son a Reforma Agraria Integral, a Soberanía Terri-torial e Alimentaria para as comunidades indíxenas e campesiñas, a recuperación das terras e a Conciencia e da Identidade Cultural Campesiña e Indíxena, así coma a Recuperación do control sobor dos Recursos Naturais.

Axudas destinadas á organización de competicións e feiras para a conservación, mellora e fomento da gandería en Galiza.

■ DOG 20 de Maio de 2008

Poderán solicitar esta axudas as CMVMC, organizacións ou asociacións de criadores ou as súas federacións de ámbito autonómico, provincial ou local e outras entidades sen ánimo de lucro, relacionadas co sector agrario e que cumpran os requisitos recollidos na Orde.

O importe da subvención non poderá superar o 80% do gasto, nin poderá exceder os 100.000 euros ao longo de tres exercicios fiscais.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata o 20 de xuño de 2008.

Axudas para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas titulares ou cotitulares de explotacións agrarias.

■ DOG 26 de maio de 2008

Mediante esta axudas téntase promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares e titulares de explotacións agrarias da Galiza, especialmente das mulleres, coa finalidade de promover a creación de emprego e a mellora laboral no agro galego, facilitando mediante incentivos a súa alta na Seguridade Social.

A axuda consistirá no

aboamento do 20% ou do 50%, dependendo da persoa beneficiaria, da cota por contixencias comúns de cobertura obrigatoria que corresponda ingresar.

A axuda correspondente ao ano 2008 será de 30,65€ mensuais ou de 76,62€ mensuais, en función da persoa que resulte beneficiaria da axuda.

O prazo para presentar as solicitudes remata o 30 de Setembro de 2008.

Axudas á bonificación de xuros de préstamos formalizados por titulares de explotacións gandeiras ■ DOG 22 de maio de 2008

O IGAPE ven de publicar unhas axudas destinadas a bonificar xuros dos préstamos que suscriban os titulares de explotacións gandeiras situadas en Galiza dedicadas á produción de porcino, cunícola, bovino de carne,

ovino e caprino.

O tipo de xuro será fixo do 5,30% e o tipo de xuro neto para ao beneficiario será como mínimo de 1,30%.

O prazo para formalizar os préstamos subvencionados remata o 30 de

Declaración da existencia da praga da pulguiña do carballo.

■ DOG 21 de maio 2008

A Consellaría do Medio Rural (CMR) vén de declarar a existencia da praga da pulguiña do carballo en algúns dos concellos das provincias de Lugo e Ourense.

A CMR levará a cabo os tratamentos fitosanitarios necesarios, sen lles repercutir aos interesados os gastos destes.

Contrato-tipo para compravenda de leite cru de vaca

■ DOG 6 de xuño de 2008

A CMR ven de publicar a Orde pola que se homologa o contrato tipo para a compravenda de leite cru, o período mínimo deste contrato-tipo será de seis meses.

Axudas para facilitar o acceso á propiedade aos titulares de arrendamentos históricos e parzarías ■ DOG 13 de maio 2008

Para facilitar o acceso á propiedade ás persoas titulares dos arrendamentos históricos e parzarías.

As axudas poderán consistir nunha subvención directa de capital ou nunha subvención de tramitación.

O importe da subvención directa calcularase aplicando a porcentaxe do 35% ao valor atribuído á superficie total do predio ou predios adquiridos.

Poderán subvencionarse en concepto de gastos de tramitación ata un máximo de 480€ para gastos de asesoría e ata un máximo de 180€ para gastos xudiciais.

O prazo para presentar as solicitudes remata o 14 de Xullo de 2008.

Axudas para o fomento da utilización de maquinaria e equipamentos agrarios en rexime asociativo en Galiza

■ DOG 6 de xuño de 2008

Para cooperativas de utilización de maquinaria agrícola, resto de cooperativas agrarias que adquiran maquinaria e equipamentos de carácter agropecuario ou agroforestal para prestaren servizos aos seus socios, as sociedades agrarias de transformación, as aso-

ciacións de viticultores formalmente constituídas, as cooperativas de explotación comunitaria da terra e as SAT procedentes da fusión de polo menos dúas explotacións nos 5 anos posteriores á súa constitución.

O prazo remata o 6 de Xullo de 2008.

Axudas para a rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galiza

■ DOG 4 de xuño de 2008

Poderán beneficiarse destas axudas as persoas físicas que sexan propietarias, usufrutuarias, inquilinas promotoras da rehabilitación ou renovación para uso propio ou para aluguer de vivendas e que obteñan uns ingresos familiares que non excedan de 3,5 veces o IPREM.

Para seren obxecto destas subvencións as vivendas ou locais deberán ter obtido a resolución de

conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade.

Os importes máximos das subvencións será de 24000 euros nos casos de rehabilitación en ámbito rural e de 30000 euros nos casos de renovación en ámbito rural

O prazo para presentar as solicitudes de axuda permanecerá aberto ata o 30 de setembro.

Axudas destinadas ao sector equino para o seu fomento e desenvolvemento.

■ DOG 22 de maio de 2008

Entidades asociativas ou as agrupacións de produtores de especie equina, as CMVMC cun plan de aproveitamento de pastos, os titulares de explotacións ou empresas agrarias equinas e as pequenas e medianas empresas

agrarias.

A contía da axuda oscilará entre o 40% e o 55% dos investimentos realizados.

O prazo para presentar as solicitudes remata o 23 de xuño de 2008.

Axudas a asociacións con destino ao apoio ás festas populares e outros eventos de contido turístico

■ DOG 5 de xuño de 2008

Poderán ser beneficiarias destas axudas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, incluídas as comisións de festas legalmente constituídas que pretendan a celebración de festas populares e outros eventos ou actuacións de carácter similar de interese turístico que se celebren durante o ano 2008.

O importe das subvencións concedidas poderá acadar un máximo de axuda de ata o 75% do investimento subvencionable co tope de 6000 euros por entidade.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 30 de outubro de 2008

AXUDAS PARA A PROMOCIÓN, MODERNIZACIÓN E DIMENSIONAMENTO DO ASOCIACIONISMO AGRARIO EN GALICIA

■ DOG 6 de xuño de 2008)

Dirixidas a mellorar os procesos produtivos, de transformación e de comercialización dos produtos, así como a xestión empresarial das entidades que resulten beneficiarias destas axudas, poderán solicitar estas axudas as cooperativas agrarias, cooperativas da explotación comunitaria da terra e

SAT que

A contía das axudas oscila entre o 25% e o 50% do investimento realizado, en función da actividade realizada e da entidade beneficiaria.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda permanecerá aberta ata o 6 de xullo de 2008

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Circuíto de muxido GAS-COIGNE de 4 puntos, lavado automático, 26 metros de tubo. **TLF. 669 808 644**

Oito ovellas e un carneiro de raza merina. Todo saneado. **TLF. 982 144 112 (Primo).**

Véndese ou alúgase explotación de algo máis de 10,000m², cercada con muros de fábrica, luz, mantial propio, 2 silos para penso, 3naves, oficinas, etc.con S.L.

A 3km de Boiro. Prezo de venta 135.000€, prezo de aluguer a convir. **TLF. 626 010 679 (Alfonso)**

Cargador con rotativa marca MORRA. **TLF. 636 650 908**

Véndense 2.000 m² de invernadoiro e unha empacadora de paquetes pequenos con cinta cargadora de pacas. **TLF. 679 208 672**

Empacadora BATLLE 152 Tanque de frío ALFA-LAVAL, de 330 litros de capacidade. **TLF. 982 169 197 (Moisés)**

Máquina de esquilar profesional, marca GILVI, seminova. **TLF. 686 784 178**

Véndese trigo e pacas de palla. **TLF. 663 470 286**

Rolos e pacas de herba seca. **TLF. 982 526 886**

-Rotativa VICON, 6 platos.
-Abonadora VICON, 600 kg. **TLF. 645 598 711 (JOSE)**

18 Bolos de herba seca **TLF. 981 79 86 81**

-Rotativa 1,70
-Circuíto de 6 puntos con pulsadores electrónicos.
-Tanque de Frío ALFA-LAVAL, de 750 litros. **TLF. 696 642 722**

Becerra frisona de un mes. Boa xenética. **TLF. 675 412 618**

Autocargador POTIGER Vos1 de 25 metros³ 1S. 9000€ negociábeis. **TLF. 617 999 320 (Manuel)**

Pinat tipo ENCINE. **TLF. 670 895 789**

-Tractor INTERNACIONAL 685.
-Herba seca.
-Alúgase nave. **Tlf.: 618 115 119**

-Hilerador de herba de correas completamente novo.
-Autocargador marca TATTO galvanizado con 7 cuchillas **Tlf. 981 78 82 10**

- Tanque de leite ALFA LAVAL 520L.
- Motosegadora BERTILLINI **TLF.. 620 138 279**

Finca en zona urbana. Pradería de 5 ferrados e medio no concello de VILAR-MAIOR na zona de VILAMATEO. **TLF: 981 78 81 69**

Máquinas de limpar cereal e muíño de moer cereal. **TLF. 982 17 51 32**
Autocargador GALARI. **TLF. 982 160 657 (noites) e 647 172 807**

Ensiladora de 2 regos, marca Kemper (de rodillos). **TLF. 678 761 441**

Tractor SAME modelo EXPLORER II 90cv . Bo prezo. **TLF. 638 045 317**

Herba Seca para recoller, en Toiriz - Vila de Cruces (Pontevedra). **TLF. 627 638 804**

Rastrillo marca VALLE e sulfatadora marca JABARA **TLF. 982 150 121 (Suso)**

-Carro mezclador, TATOMA vertical 12m, en perfecto estado.
-Tanque de leite de 2.080 litros, con lavado automático. Por peche de explotación. **TLF. 699 639 566**

Autocargador marca CLAAS **Tlf.: 982 502 280**

Egua de pura raza española. Bo prezo. **TLF. 636 096 079**

-Tanque de frío de 520 l, marca PORTINOX
-Bomba de 6 puntos, marca SAT. **TLF.981 856 110**

Circuíto WESFALIA 3 puntos con lavado automático e 5 anos de uso. **TLF. 982 18 70 81.**

Rolos de herba seca en Cospeito. **TLF: 982 505 755**

Rotoempacadora marca Galinane e outra empacadora marca Deutz Fharz, unha segadora pequena marca AEVE. **TLF. 609311416**

Empacadora WELGER AP400, en bo estado, seminova. **TLF. 982 370 655**

Fresa AGRIC de piñóns 1.85 de traballo. Cospeito (Lugo) **TLF. 606 628 050**

Rastrillo rotativa e un arado de 2 sucos e 16 pulgadas reforzado marca GÓMEZ. **TLF. 696 004 515**

Un cordeiro e unha cordeira de 8 meses. Raza Merina (prototipo de monte). Económico. **TLF. 647144031 - Cristian (a partires 20 h.)**

Extendedeiro AUSAMA, Modelo L-410. **TLF. 986571208 e 616 992 917**
Augardente d' Herbas. **TLF. 629 308 667**

Leña de carballo. Oroso. Preguntar precios e medidas. **TLF. 981 69 55 88**

Tanque de Frío. Capacidad 800 L, JAPY, perfecto estado. **TLF. 981 60 52 70**

Rulos de silo de herba máis herba seca. Ordes. **TLF. 981 68 26 52**

Segadora de man BCS. Bo estado. Oroso. **TLF. 981 69 57 77 (Emilio)**

Empacadora MASSEY-FERGUSON 122 con levantamento hidráulico de 1.80m

Unha vaca frisona con carta. **TLF: 626 334 770**

Herba seca. Prezo económico. **TLF 699 719 484**

COMPRAS

Sementadora de patacas para tractor. **TLF. 981 66 92 50**

Cacheadora de patacas. **TLF. 981 669 250**

ALUGUERES

Procúrase terreo de gran superficie para pastoreo, en calquera zona da Galiza. **TLF. 690 367 369**

Búscase explotación para arrendar en calquera das catro provincias do País, preferentemente en A Coruña. **TLF. 676 28 27 30 (Samuel)**

OUTROS

Intercámbianse libros de lectura. **TLF. 986 58 40 70**

Parella francesa procura aloxamento temporal en casa labrega, preferentemente na comarca de Pontevedra. **gasson.a@wanadoo.fr** (Andre Gasson)

Ofrécese persoa para traballar en explotación. Zona Vila de Cruces - Comarca d'O Deza. **TLF. 699 330 236 (Arturo)**

Búscase empregado/a para granxa en Sobrado. **Tlf: 609 73 32 89**

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada ou no correo electrónico prensa@sindicatolabrego.com. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quítanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Nova mocidade emprendedora

Nova sabedoría do rural



Hai moito máis que innovación, produción e calidade.
Hai moito máis que boas oportunidades para a
mocidade que elixe traballar no novo rural.
Hai outra filosofía de vida... unha nova sabedoría.
E ti... se sempre volves ao rural...
Por que non ficas a traballar nel?



novas axudas
á incorporación da mocidade á
actividade agraria
e mellora das explotacións

<http://mediorural.xunta.es>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Infórmate e establécete no rural